

ANUNCIO

ASUNTO: CHAMAMENTO A PARTIR DA BOLSA DE TRABALLO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE IGUALDADE A1 (ÁREA XURÍDICA) APROBADA POR RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 246/2024, DO 06/03/2024

EXPTE. TEDEC: 2023/E001/000011

A Alcaldía, con data 30-05-2024, ditou a Resolución 664/2024 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: CHAMAMENTO A PARTIR DA BOLSA DE TRABALLO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE IGUALDADE A1 (ÁREA XURÍDICA) APROBADA POR RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 246/2024, DO 06/03/2024

EXPTE. TEDEC: 2023/E001/000011

ANTECEDENTES

1. Por Resolución de Alcaldía núm. 246/2024, do 06/03/2024, aprobouse a bolsa de traballo para a cobertura de postos de TS de Igualdade A1 (área xurídica), como funcionario/a interino, que quedou constituída polas seguintes persoas:

	EXPTE. TEDEC	DNI*	APELIDOS	NOME	PUNTOS
1ª	2023/E002/000072	***7463**	CAMEAN CALVETE	SILVIA	62,15
2ª	2024/E002/000001	***5643**	LAZO FUENTES	XIOMARA E.	58,00
3ª	2024/E002/000003	***2680**	SANTOS LAGO	LUCÍA	53,50

- 2.

Concello de Vimianzo ten concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico nos servizos municipais de Igualdade de Xénero (FOAI/2024) . No BOP núm. 30, do 09/02/2024 publicouse a resolución definitiva cunha concesión asignada ao Concello de Vimianzo de 22.000,00 euros (100%).

3. O Concello de Vimianzo desexa cubrir o servizo durante o período subvencionado, ata o 31/12/2024.
4. Considérase que se respecta o estipulado no artigo 20 da Lei 22/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados automaticamente para 2024, en virtude do establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, dada a necesidade urxente e inaprazable de atender aos requirimentos deste servizo dado, por unha parte, que se perdería a axuda concedida e, por outra, que se deixaría de contar con este servizo, necesario tendo en conta os compromisos derivados dos ODS 2030 e das políticas públicas en materia de igualdade e introdución da perspectiva de xénero na acción local.
5. Tense en consideración o contido do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Vimianzo para o período 2022-2026, que recolle, dentro dos Obxectivo específico 1.2.:
 - 1.1.1 *Promover a creación dun departamento específico de igualdade que traballe na promoción da igualdade e na prevención e intervención en violencia de xénero.*
6. Tense en conta que é preciso proceder ao nomeamento dunha técnica de Igualdade para cubrir un posto dentro do programa subvencionado pola Deputación e que previamente se debe levar a cabo o chamamento.
7. Consta no expediente a providencia de Alcaldía, con data do 29/05/2024, relativa ao inicio das xestións para realizar o chamamento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- O artigo 10 do TREBEP, dedicado aos funcionarios interinos, establece no seu punto 1 en que circunstancias poden ser nomeados. A provisión de postos como funcionarios interinos para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, está regulada no artigo 10.1.c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, de 30 de outubro.
- As funcións do posto son de competencia municipal tendo en conta os artigos 7 e 25 da LBRL.
- O artigo 91.2 da LBRL establece o respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así coma o de publicidade.
- O artigo 20 da Lei 22/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022, establece que a selección de persoal con carácter temporal esixe a xustificación do órgano competente sobre a súa necesidade e urxencia.
- Considérase a atribución concedida á alcaldesa polo artigo 21.1 g) h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.



Por canto antecede, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a urxencia da contratación en concordancia co estipulado no artigo 20 da Lei 22/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogados automaticamente para 2024, en virtude do establecido no artigo 134.4 da Constitución Española, dada a necesidade de atender aos requirimentos deste servizo.

SEGUNDO.- Dispoñer o chamamento da primeira persoa, Silvia Camean Calvete, da bolsa de traballo para a cobertura de postos de TS de Igualdade A1 (área xurídica), como funcionario/a interino/a, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 246/2024, do 06/03/2024 para a cobertura do posto que se detalla a continuación:

Descrición da praza (Art. 10, 1c do TREBEP) Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico nos servizos municipais de Igualdade de Xénero (FOAI/2024)
Denominación: Técnico/a Superior de Igualdade, área xurídica
Escala de Administración Especial Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A Subgrupo: A1 Nivel de complemento de destino: 20 Complemento específico (estimado): 615.49 €
Xornada: completa Duración: ata 31/12/2024

[...]"

Asino en Vimianzo, a 31 de maio de 2024

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez